

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE XUÑO DE 2023

Ás 10:10 horas do día 1 de xuño de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica (agás o punto 10c)
D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica (asiste aos puntos 6c e 10c)
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 1b, 9a e 11a)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos (asiste aos puntos 1a, 2b e 4b)
D^a. Cristina Chao Gómez, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2a, 5b, 6c e 10c)
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 2c, 4c, 5c e 10d)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asistes aos puntos 2d, 6a e 11b)
D^a. Luz González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste ao punto 5a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) (alegacións)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, dáse conta dos escritos presentados por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. o 5 de maio de 2023 (documentos nº 230123202 e 230124219) nos que formula as seguintes alegacións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 1 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. [...] Se admite al licitador: EULEN SEGURIDAD, S.A., siendo que según consta en diferentes medios la referida EULEN SEGURIDAD, S.A. está inhabilitada por un periodo de siete meses para firma de contratos con el sector público.(*)

2. En el acta de apertura del sobre C, aparentemente aparece error al indicar las cifras de las ofertas, siendo que se indica: "Reducción do prezo ofertado" cuando debería ser Precio Ofertado.

3. En la misma columna que se indica en el punto dos es necesario aclarar que el precio que indica mi representada es por anualidad, dado que de otra manera la cifra no tendría ningún sentido y con mayor razón al tratarse de la actual adjudicataria del servicio.

(*) Para un mayor abundamiento de la información señalada en el escrito anterior y como complemento del escrito en relación con lo señalado en el punto 1. de este escrito, queremos acompañar la "Resolución exclusión temporal" de la Comunidad Autónoma de la Rioja [...].

A Mesa toma coñecemento dos referidos escritos e acorda contestar ao citado licitador:

1. Que feitas as oportunas comprobacións no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público, constátase que EULEN SEGURIDAD, S.A. está incurso nunha prohibición de contratar imposta por resolución da Ministra de Hacienda y Función Publica de data 24 de febreiro de 2023, por un prazo de 7 meses desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023. A prohibición de contratar esténdese a todo o sector público e produce efectos desde a súa inscrición no Rexistro de Contratistas.
2. Que na acta do 3 de maio, no cadro resumo da apertura das proposicións avaliáveis a través de fórmula, indicouse o criterio de adxudicación cando efectivamente se tiña que ter reflectido o prezo sen IVE proposto polos licitadores admitidos.
3. Respecto da aclaración de que o prezo ofertado é anual:
 - O xefe da Área de Benestar Social expón que do orzamento detallado presentado polo licitador no Sobre C se pode deducir, en atención ao número de horas indicado, que o prezo ofertado se corresponde cunha anualidade.
 - A vogal suplente do interventor xeral sinala que a oferta se axusta ao modelo de proposición recollido no PCAP e nin a oferta nin o orzamento detallado presentados polo licitador indican que o prezo ofertado sexa anual e entende, á vista das alegacións presentadas no que se pon de manifesto a existencia dun erro, que o licitador recoñece que a oferta adoce dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP), polo que debe ser rexeitada seguindo o criterio sostido na sentenza da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Justicia de Madrid do 2 de febreiro de 2022 - resolución nº 74/2022- e na resolución nº 89/2022, do 25 de maio, do Órgano Administrativo de Recursos Contractuales de la Comunidad Autónoma de Euskadi.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 2 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- A titular da Asesoría Xurídica e o Servizo de Contratación entenden que o criterio do servizo xestor é razoable pero que a posición da Intervención resulta máis segura xuridicamente.

O xefe da Área de Benestar Social formula voto particular ao entender que debería ser aceptada a aclaración de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. e admitida a súa oferta, seguindo o criterio do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón no seu acordo 050/2017, do 19 de abril de 2017.

Á vista do anterior, a Mesa acorda, cos votos a favor da presidenta, a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral e a xefa do Servizo de Contratación, e o voto en contra do xefe da Área de Benestar Social para os puntos 2 e 3:

1. Excluir deste procedemento a EULEN SEGURIDAD, S.A. por estar incurso nunha prohibición de contratar con todo o sector público desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023.
2. Excluir deste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. por entender que o licitador reconece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP).
3. Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315).

Segundo.- O día 6 de marzo de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 21 de marzo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 3 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2023 a Mesa de Contratación acordou "Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EULEN SEGURIDAD, S.A.
2. SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U".

Na mesma sesión se abriu o Sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos e se solicitou ao servizo xestor informe de valoración das referidas proposicións.

Cuarto.- Na sesión do 3 de maio de 2023 a Mesa aceptou o informe de valoración do sobre B emitido polo xefe da Área de Benestar Social o 21 de abril de 2023 e se abriu o Sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos, solicitándose ao servizo xestor informe sobre a referida documentación. O 4 de maio publicouse a correspondente acta no perfil de contratante.

Quinto.- O 5 de maio de 2023 SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. formula sendos escritos de alegacións (documentos nº 230123202 e 230124219).

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023 tomou razón das alegacións formuladas por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. e adoptou o seguinte acordo:

1. "Excluír deste procedemento a EULEN SEGURIDAD, S.A. por estar incurso nunha prohibición de contratar con todo o sector público desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023.
2. Excluír deste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. por entender que o licitador recoñece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP)".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que os dous licitadores presentados foron excluídos do procedemento mediante acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023, cómpre declaralo deserto.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 4 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) porque os dous licitadores presentados foron excluídos pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023".

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611) (alegacións)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, dáse conta do escrito presentado por FCC AQUALIA, S.A. o 19 de maio de 2023 (documento nº 230142781) no que formula as seguintes alegacións:

"[...] Resulta obvio que cuando se consigna como precio anual de los servicios relativos al funcionamiento y mantenimiento de las instalaciones sin IVA él de 8.580.842,34 €, es un mero error tipográfico, pues la cantidad que realmente corresponde al precio anual es la de 2.145.210,59 €(IVA excluido) 1, que es el resultado de restar al coste total de contrato consignado en Oferta, con IVA (10.382.819,32), el importe del IVA (21%) y dividirlo entre 4, que es la duración total del contrato. No hay incumplimiento alguno del Pliego, se consigna el precio total y es deducible el precio anual.

Lo expuesto se ve reforzado porque el resultado de la operación anterior (2.145.210,59) es también el resultado de la suma de los costes indicados en el documento "descompuesto de costes", dividido entre 4.

Adicionalmente, no pude obviarse que el error tipográfico se produce en relación con un criterio de 6 (precio anual de los servicios relativos al funcionamiento y mantenimiento de las instalaciones), con lo que ratifica la validez y corrección de la Oferta. [...]

Que teniendo por efectuadas cuantas alegaciones se contienen en el presente escrito se sirvan continuar el procedimiento de adjudicación por todos sus trámites, adjudicando, el Contrato bien a la oferta formulada por Aqualia (perfectamente viable y ajustada a pliegos) bien a la formulada por SEAE, según cuál de ellas resulte más ventajosa de la aplicación de los criterios de valoración recogidos en Pliegos".

A Mesa toma coñecemento das alegacións formuladas.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335)(emenda de documentación)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 5 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 11 de maio de 2023, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a SWEET NOCTURNA, S.L. para que emendase a documentación persoal, mediante a presentación da "Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista" esixida na cláusula 13.7 do PCAP.

O licitador presentou a seguinte documentación o 15 de maio de 2023, dentro do prazo concedido:

- Escrito asinado pola representante de SWEET NOCTURNA, S.L. no que expón "[...] La escritura de cesión de los derechos de representación en exclusiva del artista a la agencia "origen", en este caso a LIVE NATION, no es un documento que exista como tal en la mayor parte de los casos. Los artistas, en su mayoría, tienen contratos tipo 360º (con muchas áreas de negocio incluidas) con las discográficas y estas a su vez suelen ceder parte de ese negocio (la gestión de los conciertos por ejemplo) a agencias y promotoras que se ocupan de poner en marcha dichas giras en un espacio y tiempo determinado. Sobre estos acuerdos no suele existir un contrato con tal, ni unas escrituras. Además, la documentación que existiera entre el propio artista y la agencia/promotora que gestiona la gira es de tipo mercantil privada y como tal, está sometida a una confidencialidad y a una protección de datos a la que por parte de las empresas locales (como SWEET NOCTURNA en este caso) no tenemos posibilidad de acceso ni de gestión. En esta ocasión, para este requerimiento podemos aportar como documento que refuerce la carta de exclusividad ya entregada, el llamado DEAL MEMO de LIVE NATION con GUNS N' ROSES [...]".
- "Deal memo" asinado polo representante de LIVE NATION ao que fan referencia no seu escrito de contestación como "un documento habitual en la gestión de giras internacionales, donde la empresa promotora de la gira europea (que en este caso poseen los derechos para Europa, Israel, UK y Emirato Árabes) le envía al propio artista como confirmación de sus conciertos es estos países".
- Declaración de Live Nation España Black Star, S.L. asinada polo seu representante e a representante de SWEET NOCTURNA, S.L. de posuír a exclusiva sobre as actuacións do artista durante o mes de xuño de 2023 e polo que Live Nation España Black Star, S.L. cede en exclusiva a SWEET NOCTURNA, S.L. todos os dereitos sobre a xestión local para a actuación de GUNS N'ROSES o día 12 de xuño de 2023 no Estadio municipal Abanca Balaídos de Vigo. Esta documentación xa fora presentada no Sobre A e non acredita o requisito requirido pola Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación, na sesión do 16 de maio de 2023 acordou: "Á vista da documentación presentada por SWEET NOCTURNA, S.L. no que fai referencia ás



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 6 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



prácticas habituais do sector dos concertos e xiras internacionais para a acreditación do requisito ao que se referiu o acordo do 11 de maio de 2023, a Mesa acordou, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor en relación coa contestación ao requirimento de emenda presentada pola licitadora”.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas de data 22 de maio de 2023 en relación coa documentación do Sobre A de SWEET NOCTURNA, S.L. no que indica:

“Dende este Servizo non se ten capacidade para valorar si a documentación achegada pola licitadora acredita o cumprimento do requisito esixido no PCAP, en concreto non se pode concluír se coa documentación achegada consta acreditado en Dereito a cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista.

Examinados os antecedentes que constan no Servizo de Festas, no único expediente de contratación artística tramitado no ano 2023 (expte. nº 9648-335), se establece no Prego de Cláusulas Administrativas (PCAP) que “...o licitador acreditará que dispón dos dereitos de representación en exclusiva do artista mediante copia da escritura de cesión”. En virtude disto durante o procedemento de licitación o licitador achegou contrato de prestación de servizos asinado entre o manager, neste caso licitador, e as compoñentes do grupo artista. Non consta documento similar na documentación aportada por SWEET NOCTURNA, S.L.”

A mesa toma razón do informe do servizo xestor que, en relación coas alegacións formuladas pola licitadora sobre as prácticas habituais do sector non se pronuncia, no entanto, sinala que consta presentado un “contrato de prestación de servizos asinado entre o manager, neste caso licitador, e as compoñentes do grupo artista. Non consta documento similar na documentación aportada por SWEET NOCTURNA, S.L.” noutro suposto de concerto nacional.

A Mesa comproba que a documentación achegada polo licitador o 15 de maio de 2023 non é a requirida no prego (“Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista”), senón unha “copia” á que se refiren como *deal memo* na que só figura a imaxe da sinatura dunha das partes.

Dáse conta aos membros da Mesa de que o 30 de maio de 2023 se presentaron a través do Rexistro os seguintes escritos:

- Escrito presentado por SWEET NOCTURNA, S.L. o 30 de maio de 2023 (documento nº 230151955) no que se incorpora o informe técnico da Asociación Galega de Empresas Musicais respecto á acreditación da representación en exclusiva dun/dunha formación musical ou solista nos procedemento coa Administración Pública.
- Escrito presentado por SWEET NOCTURNA, S.L. o 30 de maio de 2023 (documento nº 230152899) no que se achega unha declaración asinada polo representante de International Talent Booking o 30 de maio de 2023 de posuír a representación de Guns N’ Roses, así como unha explicación de Live Nation España Black Star, S.L., tamén asinada o 30 de maio de 2023, no que indica que non existe un “contrato individual” para a actuación do artista, senón que este subscribiu co representante



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 7 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de International Talent Booking un "acordo global coa nosa empresa matriz para a organización e xestión de toda a súa xira 2023". Así mesmo, fai constar que "En base a los términos de dicho Acuerdo global, desde esta parte, Live Nation España Black Star, S.L. con CIF B44673580, hemos suscrito con nuestra empresa matriz el contrato de básicos que ya les hemos entregado, y, por el cual, se nos transfieren en exclusiva todos los derechos y obligaciones para la realización de las dos únicas actuaciones del Artista a realizarse en España durante el año 2023".

Á vista dos antecedentes citados, concorrería un suposto de non admisión do licitador, SWEET NOCTURNA, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, que rematou o pasado 15 de maio de 2023, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio.

A documentación achegada o 30 de maio é extemporánea, non incorpora a "Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista" esixida na cláusula 13.7 do PCAP e requirida na sesión do 11 de maio de 2023, e en todo caso, non procede a súa aceptación porque non cabe a emenda dunha emenda tal como declarou o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa resolución 74/2012 "este Tribunal considera que no cabe otorgar un segundo trámite de subsanación para corregir los defectos que pueda presentar la documentación entregada en el plazo establecido para subsanar. Cualquier otra interpretación nos llevaría a permitir sin límite las subsanaciones, con los problemas que ello llevaría aparejado".

Pronúnciase sobre este aspecto a resolución 283/2022, do 14 de novembro, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de la Comunidad Autónoma de Canarias ao manifestar "sin que quepa admitir la documentación que presentó a posteriori, una vez conocido el acuerdo de la Mesa de Contratación dando por no acreditada dicha solvencia, para intentar probar la misma -que, por otra parte, consiste en unos meros recibos bancarios y presupuestos, que siquiera vienen acompañadas del preceptivo certificado de buena ejecución y que se aportan a través de un medio no autorizado legalmente-, aunque se de el caso de que se trate de la única licitadora presentada, puesto que no es sólo el principio de igualdad y no discriminación el que aquí debe aplicarse y protegerse, sino también el de seguridad jurídica y transparencia, que obliga al cumplimiento debido de las reglas establecidas, tanto por los pliegos que rigen la contratación, como por la propia LCSP, siendo necesario recordar que este Tribunal ya ha concluido en numerosas resoluciones anteriores que la falta de diligencia a la hora de cumplimentar una oferta o la documentación que ha de aportarse por parte de la licitadora sólo es imputable a la misma.

Ademais, cómpre salientar que nin o licitador nin a Asociación Galega de Empresas Musicais recorreron os pregos, tampouco solicitaron aclaracións sobre a cláusula 13.7 do PCAP, tal e como posibilita a cláusula 11 do PCAP, e a presentación da proposición polo licitador supón a aceptación incondicionada e sin reserva ningunha dos pregos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 8 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A este respecto, a resolución nº 939/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales sostén que "ahora no pueden cuestionarse estas exigencias de los pliegos, ley del contrato, pues acerca de la cualidad de lex contractus de los pliegos, una vez éstos adquieren firmeza, se ha pronunciado incluso nuestro Tribunal Supremo. Así, la Sentencia de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Supremo de 19 de marzo de 2001 (Sección Séptima) en la que se afirma que: «(...) esta Sala Tercera ha recordado, en sentencia de 6 de febrero de 2001, la conocida doctrina jurisprudencial en cuya virtud el pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como los que soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnado previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar, en ningún momento, las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte en el mismo, con presentación de su correspondiente oferta y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus propios actos, cuando no resulte favorecida por las adjudicaciones que, obviamente, pretendía».

En relación coa alegación sobre a confidencialidade dos documentos, que formula a licitadora no escrito de alegacións que presentou como contestación ao requirimento, tampouco se pode considerar un obstáculo para dar cumprimento aos requisitos do prego, toda vez que o artigo 133 da LCSP permite declarar confidencial determinada información facilitada polos licitadores na súa oferta.

Examinada a precedente motivación, cos votos a favor da presidenta, a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral e a xefa do Servizo de Contratación, e o voto en contra da xefa do Servizo de Festas que formula voto particular para manifestar a súa oposición a que se adopte o acordo da Mesa en base ao seu informe e acórdase:

- Non admitir a SWEET NOCTURNA, S.L. neste procedemento por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, que rematou o pasado 15 de maio de 2023, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio.
- Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 9 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335).

Segundo.- O día 25 de abril de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 10 de maio.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 11 de maio de 2023, presentouse unha proposición.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 acordou non admitir ao único licitador presentado, SWEET NOCTURNA, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a Mesa de Contratación acordou non admitir ao único licitador presentado neste procedemento con base nos antecedentes e consideracións xurídicas recollidas na acta do 1 de xuño de 2023 que deseguido se indican, cómpre decláralo deserto:

"Á vista dos antecedentes citados, concorrería un suposto de non admisión do licitador, SWEET NOCTURNA, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, que rematou o pasado 15 de maio de 2023, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 10 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



A documentación achegada o 30 de maio é extemporánea, non incorpora a "Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista" esixida na cláusula 13.7 do PCAP e requirida na sesión do 11 de maio de 2023, e en todo caso, non procede a súa aceptación porque non cabe a emenda dunha emenda tal como declarou o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa resolución 74/2012 "este Tribunal considera que no cabe otorgar un segundo trámite de subsanación para corregir los defectos que pueda presentar la documentación entregada en el plazo establecido para subsanar. Cualquier otra interpretación nos llevaría a permitir sin límite las subsanaciones, con los problemas que ello llevaría aparejado".

Pronúnciase sobre este aspecto a resolución 283/2022, do 14 de novembro, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de la Comunidad Autónoma de Canarias ao manifestar "sin que quepa admitir la documentación que presentó a posteriori, una vez conocido el acuerdo de la Mesa de Contratación dando por no acreditada dicha solvencia, para intentar probar la misma -que, por otra parte, consiste en unos meros recibos bancarios y presupuestos, que siquiera vienen acompañadas del preceptivo certificado de buena ejecución y que se aportan a través de un medio no autorizado legalmente-, aunque se de el caso de que se trate de la única licitadora presentada, puesto que no es sólo el principio de igualdad y no discriminación el que aquí debe aplicarse y protegerse, sino también el de seguridad jurídica y transparencia, que obliga al cumplimiento debido de las reglas establecidas, tanto por los pliegos que rigen la contratación, como por la propia LCSP, siendo necesario recordar que este Tribunal ya ha concluido en numerosas resoluciones anteriores que la falta de diligencia a la hora de cumplimentar una oferta o la documentación que ha de aportarse por parte de la licitadora sólo es imputable a la misma.

Ademais, cómpre salientar que nin o licitador nin a Asociación Galega de Empresas Musicais recorreron os pregos, tampouco solicitaron aclaracións sobre a cláusula 13.7 do PCAP, tal e como posibilita a cláusula 11 do PCAP, e a presentación da proposición polo licitador supón a aceptación incondicionada e sin reserva ningunha dos pregos.

A este respecto, a resolución nº 939/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales sostén que "ahora no pueden cuestionarse estas exigencias de los pliegos, ley del contrato, pues acerca de la cualidad de lex contractus de los pliegos, una vez éstos adquieren firmeza, se ha pronunciado incluso nuestro Tribunal Supremo. Así, la Sentencia de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Supremo de 19 de marzo de 2001 (Sección Séptima) en la que se afirma que: «(...) esta Sala Tercera ha recordado, en sentencia de 6 de febrero de 2001, la conocida doctrina jurisprudencial en cuya virtud el pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como los que soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnado previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar, en ningún momento, las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte en el mismo, con presentación de su correspondiente oferta y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus propios actos,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 11 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cuando no resulte favorecida por las adjudicaciones que, obviamente, pretendía».

En relación coa alegación sobre a confidencialidade dos documentos, que formula a licitadora no escrito de alegacións que presentou como contestación ao requirimento, tampouco se pode considerar un obstáculo para dar cumprimento aos requisitos do prego, toda vez que o artigo 133 da LCSP permite declarar confidencial determinada información facilitada polos licitadores na súa oferta”.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir ao único licitador presentado por non emendar correctamente a documentación presentada para declarar o cumprimento dos requisitos previos á vista do informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio de 2023”.

b) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 19 de maio 2023, o 24 de maio, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1)
2. G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (lotes 1, 2 e 3)

Os dous licitadores presentaron documentación dentro do prazo concedido

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1)
 2. G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (lotes 1, 2 e 3)

c) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12.025-224)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 12 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 24 de maio de 2023, o mesmo día, se concedeu un prazo de tres días a SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10.077-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. HERBECON SYSTEMS, S.L.
 2. SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou, por unanimidade, non admitir ao único licitador emendado polos motivos recollidos no punto 2a).

b) Procedemento aberto para a contratación da prestación de servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (248.390-301)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 13 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12.025-224)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19.515-101)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía o 29 de maio de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acorda, por unanimidade, deixar este asunto pendente de estudo.

b) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 29 de maio de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" no que se indica:

"1.- A empresa SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. non acada o umbral mínimo de puntuación no lote 2 (15 puntos).

2.- FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL presenta unha memoria que recolle no apartado 2.2 que "increméntase en 3 o número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no apartado 6.3.3 do PPTP para todos os eventos." Un dos criterios avaliados a través de fórmula para o lote 3 tal e como veñen establecidos no apartado 7 das FEC é o incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no apartado 6.3.3 do PPTP para todos os eventos. Polo que se están aportando datos na oferta técnica que permiten coñecer parte da oferta económica".

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan e polos seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 14 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



motivos:

- *SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. do lote 2 por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no PCAP*
- *FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL do lote 3, polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP ("A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC") tendo en conta que existen terceiros interesados neste procedemento (resolución nº 396/2019, do 23 de maio, -recurso 574/2019- do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales).*

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

Dado que no lote 3 só se presentou un licitador, a Mesa formula a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335).

Segundo.- O día 5 de maio de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 22 de maio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 15 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 24 de maio de 2023, presentouse unha proposición ao lote 3 "Organización do sistema de entradas para espectáculos no Auditorio de Castrelos".

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 acordou excluír ao único licitador presentado, FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL, polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP ("A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC").

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a Mesa excluíu ao único licitador presentado no lote 3, cómpre declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o lote 3 "Organización do sistema de entradas para espectáculos no Auditorio de Castrelos" do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335) porque o único licitador presentado foi excluído pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023".

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12.024-224)

Retírase este asunto da orde do día a pedimento da xefa do Servizo de Igualdade.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10.077-113)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 16 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATAÇÃO**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO**

**CONCELLO
DE VIGO**



- HERBECON SYSTEMS, S.L.

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 14 %.
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 9 %.
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 8 %.
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles: 9 %.
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos ordenadores todo en un ("All in one"): 23 %.

2.- Propón como melloras dos requisitos técnicos establecidos na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:

- Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 4,164, sendo o valor do procesador base de referencia de 3000.
- Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes):
 - Memoria RAM de 128 GB.
 - Memoria RAM de 256 ou mais.
- Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes):
 - Disco Duro superior a 1TB e ata 2TB.
 - Disco Duro de máis de 2TB.

b) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:

- Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,739, sendo o valor do procesador base de referencia de 2400.
- Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes):
 - Memoria RAM de 32 GB.
 - Memoria RAM de 64 a 128 GB.
- Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes):
 - Disco Duro entre 120 GB e 575 GB.
 - Disco Duro entre 576 GB e 1TB ou máis.

c) Melloras técnicas dos monitores:

- Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): si

d) Melloras técnicas dos portátiles:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 17 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,306, sendo o valor do procesador base de referencia de 2400.
- Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes):
 - Memoria RAM de 16 GB.
 - Memoria RAM de 32GB.
- Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes):
 - Disco Duro máis de 256 GB ata 512 GB.
 - Disco Duro máis de 512 GB ata 1TB ou máis.

e) Melloras técnicas dos ordenadores todo en un ("All in one"):

- Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,402, sendo o valor do procesador base de referencia de 2700.
- Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes):
 - Memoria RAM de 16 GB.
 - Memoria RAM de 32 GB ou mais.
- Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes):
 - Disco Duro máis de 256 GB ata 512 GB.
 - Disco Duro máis de 512 GB ata 1TB ou máis.

- SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMATICA S.L.

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 32 %.
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 33 %.
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 4 %.
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles: 11 %.
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos ordenadores todo en un ("All in one"): 13,50 %.

2.- Propón como melloras dos requisitos técnicos establecidos na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:

- Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,949, sendo o valor do procesador base de referencia de 3000.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 18 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes):
 - Memoria RAM de 128 GB.
 - Memoria RAM de 256 ou mais.
 - Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes):
 - Disco Duro superior a 1TB e ata 2TB.
 - Disco Duro de máis de 2TB.
- b) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:
- Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 2531, sendo o valor do procesador base de referencia de 2400.
 - Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes):
 - Memoria RAM de 32 GB.
 - Memoria RAM de 64 a 128 GB.
 - Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes):
 - Disco Duro entre 120 GB e 575 GB.
 - Disco Duro entre 576 GB e 1TB ou máis.
- c) Melloras técnicas dos monitores:
- Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): si
- d) Melloras técnicas dos portátiles:
- Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 2710, sendo o valor do procesador base de referencia de 2400.
 - Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes):
 - Memoria RAM de 16 GB.
 - Memoria RAM de 32GB.
 - Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes):
 - Disco Duro máis de 256 GB ata 512 GB.
 - Disco Duro máis de 512 GB ata 1TB ou máis.
- e) Melloras técnicas dos ordenadores todo en un ("All in one"):
- Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3739, sendo o valor do procesador base de referencia de 2700.
 - Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes):
 - Memoria RAM de 16 GB.
 - Memoria RAM de 32 GB ou mais.
 - Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 19 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Disco Duro máis de 256 GB ata 512 GB.
- Disco Duro máis de 512 GB ata 1TB ou máis.

Asisten á apertura D^a. Marina Alonso González, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA SL e D. Álvaro Becerra Carrera, en representación de HERBECON SYSTEMS.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19.515-101)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 5a) deixar este asunto pendente de estudo.

c) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos nos lotes 1 e 2 co seguinte resultado:

FLUGE GALICIA, S.L.:

- Lote 1:

- Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 1 do 5 %.
- Propón unha experiencia do/a coordinador/a de montaxe e produción de eventos en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (1 ano) de 13 anos.
- Propón un incremento do número mínimo de horas de vixilantes uniformados esixido na cláusula 6.1.2.4 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos eventos das tipoloxías II e III (mínimo 8 horas) de 1 hora por xornada.

- Lote 2:

- Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 2 do 4 %.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 20 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATAÇÃO**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Propón a seguinte experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do persoal técnico que se indica deseguido, a maiores do mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - Coordinador/a de produción (mínimo 2 anos): 25 anos
 - Responsable de backstage (state manager) (mínimo 2 anos): 25 anos
- Propón un incremento do tamaño das 2 pantallas led esixidas na cláusula 6.2.1.7 do PPTP (mínimo 3x5=15m²) de 9 m²
- Comprométese a achegar unha cámara negra composta de 10 patas de 3x9m e telón traseiro de 16x9m de tela de moltón de 300 gramos ignífuga (clasificación de resistencia ao lume mínima A2, s3, d1 segundo UNE-EN 13501-1 ou equivalente) para todos os espectáculos: si
- Propón un incremento do número mínimo de horas de vixilantes uniformados esixido na cláusula 6.2.2.2.6 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos 6 eventos da tipoloxía IV (mínimo 4 horas de cada un dos 3 postos de vixilante) de 1 hora.
- Comprométese a achegar unha cabina sanitaria química portátil ecolóxica para usuarios de mobilidade reducida a maiores do mínimo esixido na cláusula 6.2.1.5 do PPTP (mínimo 2): si

SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1):

- Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote 1 do 11 %.
- Propón unha experiencia do/a coordinador/a de montaxe e produción de eventos en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (1 ano) de 12 anos.
- Propón un incremento do número mínimo de horas de vixilantes uniformados esixido na cláusula 6.1.2.4 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos eventos das tipoloxías II e III (mínimo 8 horas) de 3 horas por xornada.

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as proposicións avaliáveis a través de fórmula ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 1 de xuño de 2023 de valoración do Sobre C "Proposición avaliável a través de fórmula" que é aceptado, por unanimidade, dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 21 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12.024-224)

Retírase este asunto porque a xefa do Servizo de Igualdade solicitou a retirada do informe de valoración do Sobre B no punto 5c.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

Retírase este asunto porque a Mesa formulou proposta no punto 1a para declarar deserto este procedemento.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611)

O xefe do Servizo de Deportes solicita a retirada deste asunto da orde do día ao ter detectado un erro no informe.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611)

Retírase este asunto porque o xefe do Servizo de Deportes solicitou a retirada do informe de valoración do Sobre C no punto anterior.

b) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19.515-101)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 5a deixar este asunto pendente de estudo.

c) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 22 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023 dos seguintes licitadores:

- *SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 2): por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no PCAP*
- *FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL (lote 3): polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP ("A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC").*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa "Vigo en festas" (9.660-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Produción técnica soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións"

Orde	Licitador	Puntuación total
1º	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	86,00 puntos
2º	FLUGE GALICIA, S.L.	52,45 puntos

- Lote 2 "Produción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos"

	Licitador	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA, S.L.	94,00 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B-27.793.728) (lote 1) e FLUGE GALICIA, S.L. (B-87.037.883) (lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a documentación acreditativa da habilitación profesional que xa foi presentada no Sobre A.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 23 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Casa das Mulleres (12.024-224)

Retírase este asunto porque a xefa do Servizo de Igualdade solicitou a retirada do informe de valoración do Sobre B no punto 5c.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22.448-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22.448-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para o subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do o subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 16 de febreiro de 2023.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración Xeral e a xefa do servizo de contratación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 24 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



Concello de Vigo con data 27 de marzo de 2023.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **71.507,85€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **15.016,65 €** o cal totaliza un importe de **86.524,50 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2023	47.671,90 €	10.011,10 €	57.683,00 €
2024	23.835,95 €	5.005,55 €	28.841,50 €
Totais	71.507,85 €	15.016,65 €	86.524,50 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

3410	2260902	Adquisición de medallas e trofeos
------	---------	-----------------------------------

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CARLOS FERNANDEZ POL	95,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNANDEZ POL (**.45.00**), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 25 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNÁNDEZ POL, o día 24 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 28 e o 30 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNÁNDEZ POL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARLOS FERNÁNDEZ POL, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 12 de maio e do acordo da Mesa de Contratación do 24 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL (**.45.00**) o procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 26 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22.448-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do contrato é de 86.524,50 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.016,65 euros, cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I - FEC- do PCAP do 20 %.
- b) Propón unha redución dos prazos máximos de entrega establecidos no PPT de:
 - Medalla con personalización individual (55 mm diámetro) (prazo ordinario: 5 días, prazo urxente: 3 días)
 - Redución do prazo ordinario a 1 día.
 - Redución do prazo urxente a 1 día.
 - Medalla de calidade con personalización individual (65 mm diámetro) (prazo ordinario: 5 días, prazo urxente: 3 días)
 - Redución do prazo ordinario a 1 día.
 - Redución do prazo urxente a 1 día.
 - Medalla especial fundición de calidade para probas determinadas (65 diámetro) (prazo ordinario: 45 días, prazo urxente: 20 días)
 - Redución do prazo ordinario a 14 días.
 - Redución do prazo urxente a 14 días.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9.987-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 27 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9.987-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware de almacenamento e arquivado corporativos do concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 14/11/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 28/02/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 01/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 02/03/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 29/03/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 30/03/2023 conformado pola xefa do servizo de Contratación na mesma data, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 31/03/2023 conformado pola xefa do servizo de Contratación na mesma data.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 350.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 60.743,80 €, dende o 1 de xuño de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/Proxecto	base	ive	total
2023	Sistema de almacenamento de datos,MRR	9207.6260004/2292070 4	289.256, 20	60.743, 80	350.000,0 0



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



--	--	--	--	--

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9987-113), na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EDNON, S.L.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L. (B36938009), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., o día 24 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 30 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 29 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EDNON, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EDNON, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación do 19 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a EDNON, S.L. (B-36.938.009) o procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9.987-113) por un prezo total de 350.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 60.743,80 euros e coas seguintes condicións:

1. *Propón como incremento do almacenamento total ofertado en formato Flush/SSD con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.A.h do PPT (15 discos SSD de mais 800G = 11,72 TB): 10,78 TB.*
2. *Propón como incremento do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.B.g do PPT (16 discos NL-SAS de 16.000 GB= 250 TB): 31,25 TB.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:15, logo dun receso entre as 11:50 e as 13:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 30 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATAÇÃO**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO**

**CONCELLO
DE VIGO**



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:48	Páxina 31 de 31
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE44-C8D82E-2147E8-AYBGWQ-Q51RND-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		